

Primeiro. Persoas beneficiarias

Persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de propietarias do inmovible, tanto sexan comunidades de propietarios/as en réxime de propiedade horizontal, mancomunidades ou agrupacións de comunidades, legalmente constituídas, así como, agrupacións de persoas propietarias ou persoas propietarias únicas de edificios de vivendas, nas que se cumpran os requisitos desta convocatoria, que promovan e executen ou teñan executado as actuacións obxecto desta convocatoria no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2026 e o 15 de outubro de 2027 (ámbolos dous incluídos)

Para as actuacións do exercicio 2027, publicarase a correspondente convocatoria dentro de dito exercicio.

Segundo. Obxecto

Fomentar a iluminación das fachadas dos edificios históricos que aparecen relacionados nas bases reitoras desta subvención e que teñen a declaración de edificios catalogados co grado de protección Monumental, Integral e Estrutural.

Terceiro. Bases reguladoras

As Bases reguladoras publicáronse no BOP de Pontevedra n.º 92, do luns 18 de maio de 2026, así como no Portal de transparencia do Concello de Vigo <https://transparencia.vigo.org/>.

Cuarto. Contía

A contía destinada a estas axudas, que se convocan en réxime de concorrência competitiva e que terán o carácter de subvención a fondo perdido ascende a 10.000 euros (dez mil euros) para 2026 e de 10.000 € (dez mil euros) para 2027.

A contía máxima subvencionable por edificación residencial colectiva é de 10.000 euros. En ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrência con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada.

O procedemento de adxudicación realizarase de acordo cos criterios de valoración establecidos nas Bases.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Tres meses a contar dende á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra, por conducto da BDNS.

Sexto. Outros datos

Acordo de convocatoria: Resolución da Concelleira Delegada da área de Goberno de Urbanismo e Vivenda de data 05.05.2026, tomada en coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 12.05.2026.

Gastos subvencionables: tanto a execución material da obra como os honorarios correspondentes á redación da documentación técnica preceptiva.

Anticipos: non se admiten solicitudes de abonos a conta ou anticipos.

Compatibilidade: estas axudas municipais son compatibles con outras subvencións para a mesma finalidade.

Criterios de valoración: As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos nas bases.

Título habilitante: licenza municipal de obras e/ou comunicación previa de obras, acompañadas da documentación técnica preceptiva.

Prazo de resolución: 3 meses

Prazo de xustificación: ata o 15 de novembro de 2026 para as solicitudes achegadas no exercicio 2026 e o 15 de novembro de 2027 para as achegadas no ano 2027.

Anexos: existen modelos normalizados de solicitudes e xustificación.

Abono: transferencia bancaria.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Concelleira Delegada da área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, María José Caride Estévez (Resolución do Presidente de 4.07.2023 – BOP núm. 136 do 14.07.2023)